

Análise contrastiva entre galego e portugués: as oracións condicionais no *ALPI*

Rosa Mouzo Villar
Instituto da Lingua Galega

Abstract

The aim of this study is to analyse three questions (conditionals) that appear in the Linguistic Atlas of the Iberian Peninsula (ALPI which stands for Atlas Lingüístico de la Península Ibérica). The information that I have taken into account when carrying out this analysis consists of the results obtained from the ALPI surveys in Galicia and Portugal. This will enable me to make a comparison between the structure of Galician and Portuguese conditionals. This study will show the conditional structures that exist in each language as well as the prototypical structure in each one of them. However, it must be said that the result is based on the information from this particular Atlas.

Keywords: conditionals, structure, Linguistic Atlas of the Iberian Peninsula, Galician and Portuguese

Palavras-chave: orações condicionais, estrutura, Atlas Lingüístico da Península Ibérica, Galego e Português

1. O ALPI

O *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* xorde da idea de Ramón Menéndez Pidal en 1914, quen lle encomendou a dirección das partes ó seu discípulo Tomás Navarro Tomás. Este foi o director dun equipo de enquisadores constituído por investigadores das principais áreas lingüísticas peninsulares: Manuel Sanchís Guarner (dominio catalán e parte do español), Lorenzo Rodríguez Castellano (resto do español) e Aníbal Otero e Luis F. Lindley Cintra (dominio galego-portugués), todos eles formados para o labor que ían desempeñar. Os investigadores completaron as 828 preguntas dos cadernos nos 528 puntos de enquisa seleccionados na Península Ibérica.

O traballo foi desenvolto na súa meirande parte na época previa á Guerra Civil española (anos 1931-1935). En Galicia, as enquisas nos 52 puntos da comunidade (15 na Coruña, 13 en Lugo, 11 en Ourense e 13 en Pontevedra) comezaron a recollese neste primeiro período. O investigador encargado foi Aníbal Otero, auxiliado por Aurelio M. Espinosa. A Guerra paralizou as investigacións, e non foi ata uns anos despois da guerra que se puido retomar e rematar o traballo (1947-1954).

No caso de Portugal, foron 93 os puntos recollidos en todo o país e distribuídos polos seus 18 *distritos* (5 en Viana do Castelo; 7 en Braga; 5 en Porto; 3 en Vila Real;

9 en Bragança; 6 na Guarda; 6 en Viseu; 3 en Aveiro; 5 en Coimbra; 6 en Castelo Branco; 4 en Leiria; 7 en Santarem; 6 en Portalegre; 4 en Lisboa; 3 en Setúbal; 2 en Évora; 6 en Beja e 6 en Faro). As enquisas comezaran a facerse antes da guerra, pero tamén se interromperon no verán de 1936, e ata 1953 Cintra e Otero non puideron reincorporarse ó *ALPI*, completando o traballo no dominio portugués en 1954.

Os traballos que derivaron das enquisas foron escasos, xa que nun primeiro momento ían publicarse 10 tomos, pero só viu a luz o primeiro deles, formado por 75 cartas de carácter fonético e 62 mapas.

En 1999 retomáronse de novo estes estudos da man do profesor David Heap, da Universidade de Ontario (Canadá), quen puxo á disposición dos investigadores, a través de internet, parte do material dos cadernos de enquisa. Cinco anos máis tarde, no 2004-2005, tamén un equipo do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (Galicia), dirixido por Xulio Sousa, se ocupou deste material (*ALPI* Galicia), que actualmente se está informatizando, e do que se espera publicar algún estudo nun futuro moi próximo.

2. As formas analizadas

As oracións condicionais que analizo neste traballo son as preguntas 386, 387 e 388 que pertencen ó Caderno I do *ALPI*, concretamente á parte de morfosintaxe. Son tres enunciados que cito en castelán, respetando a lingua na que figuran as preguntas no caderno.

386. *Si tuviera dinero lo compraría*

387. *Si estudiara aprendería*

388. *Si pudiera la mataría*

Cabe aclarar que me centrarei simplemente na estrutura sintáctica destas tres oracións, así como na morfoloxía das formas verbais que as compoñen, pero non terei en conta as diferenzas fonéticas que poida haber en calquera dos compoñentes, pois aínda que o aspecto fonético ou fonolóxico podería dar para outro estudo incluso máis amplo e interesante, non é pertinente para este traballo.

3. O corpus

Antes de proceder a analizar os resultados, cabe aclarar que só traballei coas primeiras respostas que contestaron os falantes para tentar acadar unha maior precisión á hora de ofrecer os datos. Ademais, no *ALPI*, no caso de atoparnos con varias respostas para unha mesma pregunta, os investigadores sempre marcan dalgún xeito cal é a prioritaria, polo que este estudo non perderá fiabilidade. Non obstante, as segundas ou terceiras respostas tamén foron estudadas.

Os resultados están agrupados por áreas lingüísticas, isto é, galega e portuguesa, e subagrupados por pregunta. Ademais, diferenciei as respostas segundo o Morfema Modo-Temporal (MMT) presente na oración condicional e o na oración principal.

3.1. Análise do corpus

Á continuación pasarei a analizar o corpus, as tres oracións condicionais mencionadas. A estrutura que seguirei será a seguinte:

1. En primeiro lugar, analizarei cada oración individualmente, en portugués e en galego, para que poida establecerse unha comparación máis detallada entre os datos dos dous territorios (que variantes atopamos, cal é a súa frecuencia, cal é a estrutura que predomina en cada dominio lingüístico, etc.).

2. A seguir analizarei a oración condicionante e a condicionada por separado, pero tratando as das tres preguntas en conxunto, xa que todas seguen o mesmo esquema. Repararei nos diferentes tempos verbais que aparecen nunha e noutra oración para podermos observar as semellanzas que hai entre as dúas linguas, así como as diferenzas existentes, tanto entre galego e portugués, coma dentro da mesma lingua.

3.1.1. As oracións. Estrutura

Si tuviera dinero lo compraría

1. Portugués

A estrutura maioritaria é a formada por *tivesse + comprava-o*: *Se (eu) tivesse dinheiro comprava-o*, con 88 exemplos espallados por todo o territorio, dos que un presenta a variante *comprava-lo* – Duas Igrejas, Miranda do Douro (Bragança). A forma *tivesse* tamén aparece acompañada da forma *compraria* na oración condicionada, pero só nun punto, Atougua da Baleia (Leiria): *Se tivesse dinheiro compraría-o*.

Nos catro exemplos restantes muda a forma *tivesse* da oración condicional por *tivera* en tres puntos (*Se tivera dinheiro comprava-o* – Montemor-o-Velho (Coimbra) e Almeirim (Santarém) ou *Se tuviera dinheiro mercava-lo* – Rio de Onor (Bragança)) e *Tivesse* cámbiase tamén por *tiver* só nun lugar, Pataias, Alcobaça (Leiria): *Se tiver dinheiro comprava-o*.

2. Galego

A estrutura maioritaria no territorio galego para esta primeira condicional, con 37 exemplos, é a formada por *tuvera + compraría* (*Se tuvera diñeiro compraríao*), mentres que os 16 exemplos restantes presentan tamén a forma *tivera*, pero acompañada da forma *comprábao* na condicionada (*Se tivera diñeiro comprábao*). Tanto a primeira estrutura como a segunda están repartidas por toda Galicia.

Mentres o portugués presenta tres posibles estruturas condicionais para expresar esta oración: *tivesse + comprava*; *tivesse + compraría* e *tivera + comprava/mircava*, o galego só mostra dúas: *tivera + compraría* e *tivera + compraba*.

Si estudiara aprendería**1. Portugués**

A estrutura maioritaria na segunda das oracións é a formada por (Se) + *estudasse* + *aprendía*, con 91 exemplos distribuídos por todo o territorio. Tan só atopamos dous puntos que non comparten esta estrutura: Moita (Setúbal) e Barrancos (Beja), onde aparece (Se) + *estudasse* + *aprendería*.

2. Galego

No caso de Galicia tamén atopamos tres estruturas diferentes, pero estas aparecen repartidas por toda a área lingüística, sobre todo nos dous primeiros casos: (Se) + *estudiara* + *aprendería* (maioritaria, 38 exemplos); (Se) + *estudiara* + *aprendía* (10 exemplos) e (Se) + *estudiase* + *aprendería* (5 exemplos).

Das tres estruturas que mostran cada unha das linguas, galego e portugués comparten dúas: *estudasse* + *aprendería* e *estudara* + *aprendería*.

Si pudiera la mataría**1. Portugués**

Nas respostas á terceira pregunta, a estrutura maioritaria, de novo con moita diferenza, é a formada por *pudesse* + *matava-a*: *Se pudesse matava-a*, con 92 exemplos, dos cales un, que aparece en Ferreira do Alentejo (Beja), presenta a estrutura ó revés, é dicir, primeiro aparece a oración condicionada e logo a condicional: *Matava-a se pudesse*. No outro punto restante, Rio de Onor (Bragança), aparece a estrutura (Se) + *pudiera* + *matava-a*.

2. Galego

O galego ofrece dúas estruturas: (Se) + *pudera* + *mataría* (maioritaria, 38 exemplos) e (Se) + *pudera* + *matábaa* (15 exemplos).

A estrutura compartida neste caso é a que é minoritaria nas dúas linguas: (Se) + *pudera* + *matábaa* (galego) e (Se) + *pudera* + *matáva-a* (portugués).

Como acabamos de ver, cada lingua mostra unha preferencia clara por unhas ou outras estruturas.

3.1.2. As oracións. Tempos verbais na oración condicional**1. Portugués**

En canto ós tempos verbais que aparecen nas oracións condicionais, o *Conjuntivo* portugués é o máis utilizado. En palabras de Cintra e Cunha, e cito textualmente:

“O conjuntivo é por excelência o modo da oración subordinada. (...) Usa-se nas oracións condicionais, em que a condición é irrealizável ou hipotética.” (Cintra & Cunha: 466-469).

Das respostas analizadas, en case todos os casos aparece o *Conjuntivo*. O *pretérito de Conjuntivo (-sse)* é a forma máis usada, aparece en 89 respostas á primeira pregunta, en 92 respostas á segunda e tamén en 92 á terceira pregunta, é dicir, súmase un total do 97,84 % do uso do *Conjuntivo* nas tres oracións condicionais. Pola contra, a forma (-ra) aparece en clara minoría: só contamos con 4 exemplos á primeira pregunta, 1 á segunda e tamén só 1 á terceira (*tivera, estudara e pudiera*). Fan un total de 6 casos (o que supón un 2,15% do total), nos que aparece esta forma verbal, que se ben é normal, non deixa de ser un uso raro, pois a simple vista parece que estamos diante dun *pretérito mais-que-perfeito de Indicativo*. Por último, atopamos un único exemplo no que aparece a forma -r(e), que posiblemente sexa un *futuro de Conjuntivo* cun [e] paragóxico.

As gramáticas consultadas insisten no uso do *Conjuntivo* nas oracións condicionais, polo tanto, faise un pouco raro atopar esta forma de *Indicativo* nestas oracións. Tres dos seis casos son recollidos en cadansúa pregunta nun mesmo punto, Rio de Onor, Trás-os-Montes (Bragança), mentres que os outros dous casos se dan en dous puntos de enquisa diferentes, e ademais cada un en cadansúa pregunta: Montemor-o-Velho (Coimbra) e Almeirim (Santarém). Estes dous lugares están situados no centro-leste de Portugal e non moi afastados uns dos outros, mais non creo que por aí atopemos explicación ningunha. O que puido ocorrer é que, ou ben exclusivamente nesta zona se usa o *pretérito mais-que-perfeito de Indicativo* con valor de *pretérito de Conjuntivo*, ou ben se compartan esta forma en común co imperfecto de Subxuntivo do galego (*tivera/tivese*), pois sendo linguas irmás, da mesma maneira que comparten trazos fonéticos, tamén comparten trazos morfosintácticos. Hai que ter en conta que en Leiria e Santarém, o informante alterna o uso do -ra co do -sse que dá como segunda resposta. O feito de que as preguntas aparezan no caderno en español non deben levarnos a pensar que o (-ra) aparece nas respostas portuguesas por influencia do español, xa que as enquisas foron feitas sempre na lingua do territorio, neste caso en portugués:

En las encuestas se empleó siempre la lengua común de cada uno de los dominios lingüísticos hispánicos, y en la medida de lo posible, el propio dialecto de los sujetos interrogados. Todas las preguntas fueron hechas indirectamente, incluso las de las frases para el estudio de la morfología y la sintaxis. [*ALPI* (1962): p.4]

2. Galego

O *pretérito de Subxuntivo* é a forma verbal que atopamos nas oracións condicionais coas que traballamos do *ALPI* no territorio galego. As oracións condicionais galegas, respecto ó pretérito de Subxuntivo, presentan unha alternancia do morfema modo-temporal (MMT), que ben pode ser -ra ou -se.

A forma dominante é -ra con moita diferenza, xa que aparece no 96,85 % do total, pois só en 5 respostas da segunda pregunta atopamos a forma -se. Segundo Xove, X. (1986: 135), e cito textualmente:

A frecuencia relativa de *-ra* e *-se* depende basicamente de se existe ou non significado irreal. En presenza deste, como é o caso, a proporción de *.ra* sobe enormemente e de xeito regular. Das grabacións feitas en toda Galicia para o *ALGa*¹ tiramos un total de 93 exemplos de Subxuntivo irreal: o 92,3 % deles (85 casos) corresponde á forma *-ra*. O escaso número de ocorrencia de *-se* irreal (7 en total) aparece distribuído polas distintas áreas xeográficas. É dicir, as porcentaxes non sofren modificacións en relación coas variedades dialectais. Os datos que pertencen ás grabacións da Coruña do *ILGA*² da provincia da Coruña son aínda máis contundentes: 112 casos de *-ra* irreal e só un de *-se* irreal.

3.1.3. As oracións. Tempo verbal da oración condicionada

1. Portugués

En canto ó tempo verbal da oración condicionada, tamén coñecida como principal na gramática tradicional, tamén se alterna o uso de dous tempos ben distintos: o *pretérito imperfecto de Indicativo* e o *futuro do pretérito simples*.

A forma verbal maioritaria é o *pretérito imperfecto de Indicativo*, con 92 exemplos na primeira pregunta, 91 na segunda e 93 na terceira, é dicir, practicamente o 100 % nos tres casos. Pola contra, só aparece unha resposta á primeira pregunta con *-ria* e 2 á segunda, polo que podemos afirmar que, segundo os datos do *ALPI* a forma *-ria* é unha forma pouco común en portugués. Estas últimas respostas aparecen no punto 258, *Atouguia da Baleia* (Leiria), na primeira pregunta, onde esta resposta aparece acompañada de dúas respostas máis onde este tempo é substituído polo *pretérito imperfecto*.

Cabe aclarar, que ambos os dous tempos verbais, ó igual que acontece no galego como veremos máis detidamente, tamén no portugués perden o seu valor de pasado (*pretérito imperfecto*) e de futuro (*futuro do pretérito*).

2. Galego

No galego, ó igual que no caso do portugués, tamén se alternan dúas formas verbais na oración principal: *copretérito de Indicativo* e *pospretérito de Indicativo*. Segundo Xove, X. (1986: 132), o uso destas formas, coas que se expresa a irrealidade no *Indicativo*, así como tamén co *antepretérito* (aínda que non aparece en ningún dos exemplos), non está rixidamente determinado, pero tampouco é totalmente libre. O uso maioritario dunha ou doutra pode deberse á variedade de lingua, ó tipo de construción, tipo de verbo ou significado temporal. Xove afirma, valéndose do material do *ALGa* pertencente á provincia da Coruña, que a forma máis empregada no galego falado é o *copretérito de Indicativo*, seguido do *pospretérito*. No *ALPI* as cousas son ben distintas, xa que con diferenza, a forma máis usada é a do *pospretérito* con 37 exemplos na primeira pregunta, 43 na segunda e 38 na terceira, que fan un total de 118, é dicir un

¹ Atlas Lingüístico de Galicia. Puntos de enquisa: 167.

² Instituto da Lingua Galega.

74,21 % do total, mentres que o copretérito só supón o 25,78 % do total, isto é 41 exemplos, dos que atopamos 16 na primeira pregunta, 10 na segunda e 15 na terceira. Isto pode implicar que desde a recollida de datos do *ALPI* (1931) ata a do *ALGa* (1974), é dicir, en algo máis de 40 anos, aumentara considerablemente o uso do copretérito e descendera o do pospretérito para expresar a irrealidade.

O tempo das formas verbais ás que nos acabamos de referir desaparece completamente: o copretérito perde o seu principal valor de simultaneidade á anterioridade á orixe e o pospretérito o de posterioridade á anterioridade á orixe para quedaren os dous sen un valor temporal concreto, senón indiferenciado. É dicir, tanto unha forma coma a outra valen tanto para expresar pasado, coma presente, coma futuro.

Segundo R. Álvarez (Álvarez, R., 2002: 299-300), no galego, cando o copretérito de indicativo pertence ó modo irreal, en que é variante con *andaría* e *andara* (o mesmo acontece co pospretérito de indicativo), igual que o subxuntivo da oración condicional, o tempo ó que fai referencia é indiferenciado, tamén con tódalas acepcións. Isto mesmo ocorre co pospretérito de indicativo, que en modo indicativo irreal tamén é variante de significado de *andaría* e *andaba*.

Xa que as oracións aparecen fóra dun contexto, se acompañamos calquera das tres oracións dun adverbio de tempo de pasado, presente e futuro, poderemos comprobar que os verbos en cuestión presentan o valor temporal indiferenciado:

Se onte tivera / tivese cartos comprabo / compraríao

Se hoxe tivera / tivese cartos comprabo / compraríao

Se mañá tivera / tivese cartos comprabo / compraríao

O que se segue mantendo é a irrealidade, pero o tempo cambia segundo empregue un ou outro adverbio temporal.

4. Conclusión. A estrutura das condicionais en galego e portugués a partir dos datos

Despois de analizar as oracións condicionais que aparecen no *ALPI* de Galicia e Portugal, puiden observar que:

1. En portugués, a estrutura destas oracións pode ser de distintos tipos:

Se + -sse + -va / -ia (88 + 90 + 92) 270 exemplos → 96,77 %

Se + -sse + -ría (1 + 2 + 0) 3 exemplos → 1,07 %

Se + -ra + -va / -ia (3 + 1 + 1) 5 exemplos → 1,79 %

Se + -r + -va / -ia (1 + 0 + 0) 1 exemplo → 0,35 %]

2. En galego, os exemplos que atopamos tamén nos ofrecen tres estruturas diferentes:

Se + -ra + -ría (37 + 38 + 38) 75 exemplos → 71,06 %

Se + -ra + -ba (16 + 10 + 15) 32 exemplos → 25,78 %

Se + -se + -ría (5 + 0 + 0) 5 exemplos → 3,14 %

Galego e portugués teñen en común dous tipos de oracións condicionais segundo a estrutura (-se, -ría e -ra, -va / -ba). Destas, a de menor uso (-se, -ría), é minoritaria en ambas as dúas linguas. Pola contra, a que non teñen en común é a que é característica de cada lingua, cunha porcentaxe de uso moi superior á das outras estruturas (-se, -va en portugués e -ra, -ría en galego).

Conclúese, polo tanto, que cada lingua mostra unha preferencia clara por unha estrutura para construír as oracións condicionais, así como por unhas formas verbais determinadas que son as que aparecen nestas oracións e nas condicionadas. Todas elas, estruturas oracionais (neste caso das oracións condicionais) e formas verbais, non presentan unha distribución dialectal, senón que, habendo unhas formas predominantes, estas repártense por todo o territorio, tanto no caso do galego, coma no do portugués.

Referencias

- Álvarez Blanco, R. & X. Xove (2002) *Gramática da lingua galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Cintra, L. & C. Cunha (2000¹⁶) *Nova Gramática do Português Contemporâneo*. Lisboa: Edições João Sá da Costa.
- Freixeiro Mato, X. R. (2000) *Gramática da Língua Galega. III. Morfosintaxe*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Hub Faria, I. *et alii* (edit.) (1996) *Introdução à Lingüística Geral e Portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Mira Mateus, M. H. *et alii* (edit.) (2003⁵) *Gramática da língua portuguesa*. Lisboa: Editorial Caminho.
- Navarro Tomás, T. (dir.) (1962) *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, vol. 1. *Fonética*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Vaz Leão, S. (1961) *O período hipotético iniciado por se*. Belo Horizonte.
- Veiga, A. (1991) *Condicionales, concesivas y modo verbal en español*. Anexo 34 de Verba.
- Vilela, M. (1999²) *Gramática da Língua Portuguesa*. Porto: Livraria Almedina.
- Xove, X. (1992) O Verbo. *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro* 1, pp. 119-170.
- Xove, X. (1986) As formas en -ra e -se na obra poética galega de Rosalía. *Actas do Congreso Internacional dedicado a Rosalía de Castro e o seu tempo* 2, pp. 134-149.